

1. Datos da Entidade organizadora do concurso:

- 1.1 Nome da Entidade: Asociación de Empresarios de Deza e Centro Comercial Aberto de Lalín
- 1.2 Número de CIF da Entidade: G-36.187.169
- 1.3 Enderezo fiscal da Entidade: R/ Otero Pedrayo, nº 24 – Baixo
36500 – Lalín (Pontevedra)
- 1.4 Enderezo de correo electrónico da Entidade: asociacion@aedeza.com

2. Data de inicio e remate da campaña:

O período de duración da campaña abarca dende o luns, 06 de febreiro, até o martes, 14 de febreiro de 2023, ambos días incluídos.

3. Mecánica da campaña e requisitos de participación:

- 3.1 Descrición en qué consiste a campaña: dende o 06 até o 14 de febreiro de 2023 os clientes que fagan unha compra nos nosos comercios asociados serán informados que por realizar unha compra no seu establecemento poden participar no **sorteo dunha escapada romántica ao Grove, para dúas persoas, no Hotel Marina & Spa 4* superior.**

Para isto, os comercios tan só deberán xerar unha copia do ticket / nota de compra ou albará, de cada venda realizada eses días, e pola parte de atrás cubrir cos datos do cliente (nome e apelidos, así como dun número de teléfono de contacto).

Posteriormente ao 14 de febreiro de 2023, técnicos da Asociación recollerán estes tickets cubertos, para poder realizar o sorteo, non presencial, do premio na sede da Asociación.

- 3.2 Condicións que deberán cumprir os clientes/ usuarios para poder participar: tan só será requisito que a compra se realice por unha persoa adulta (a partir de 18 anos) e nun comercio asociado a AEDEZA-CCA de Lalín dende o 06 até o 14 de febreiro de 2023, ambos días incluídos.

Non poderán participar os comerciantes/ propietarios de comercios asociados, nin os empregados, nin os familiares directos tanto dos comerciantes como dos traballadores do negocio en primeiro grado. Tampouco poderán participar, calquera outra persoa física que participe directa ou indirectamente na organización do sorteo ou que se involucre directa o indirectamente na súa preparación ou desenvolvemento.


4. Data de realización do sorteo e número de gañadores:

- 4.1 Data e lugar da celebración do sorteo: o sorteo dunha escapada romántica ao Grove, para dúas persoas, no Hotel Marina & Spa 4* superior, será na semana do 20 de febreiro de 2023 na sede da Asociación de Empresarios de Deza.

- 4.2 Características do sorteo:

Trátase dun sorteo non presencial, na sede da Asociación de Empresarios de Deza, onde o equipo técnico da Asociación incluírá os tickets/ notas de compra e albarás cubertos nunha urna e unha man inocente seleccionará aleatoriamente o ticket/ nota de compra ou albará gañador.

A entidade organizadora avisará á persoa agraciada co premio, mediante unha chamada telefónica.



5. O premio:

Sortearase un ¹ premio, para dúas persoas, consistente en:

- **Aloxamento no Hotel Marina & Spa 4* superior** do Grove , unha noite, **con almuerzo incluído**.
- **Acceso a circuíto spa (2 horas)**.

¹ Trátase dun premio en especie (bono regalo, con validez ata o 02 de febreiro de 2024, para disfrutar en tempada baixa e calquera día da semana, para dúas persoas adultas, previa consulta de dispoñibilidade co hotel). Dito premio en ningún caso poderá ser obxecto de cambio, alteración ou compensación a petición da persoa gañadora. Debido a que o premio non supera os 300,00€, a persoa gañadora non terá a obriga de tributar na declaración do IRPF.

6. Notificación á persoa gañadora:

- 6.1** Na semana do 20 de febreiro, unha vez realizado o sorteo do premio, a Entidade Organizadora contactará coa persoa agraciada co premio.
- 6.2** A notificación a/o premiada/o será vía chamada telefónica.
- 6.3** Anunciarase nas redes sociais da Entidade organizadora, así como tamén, en prensa escrita – edicións comarcais- o nome da persoa premiada e o establecemento onde se cubriu o ticket premiado.

7. Cesión dereitos de imaxe e/ou propiedade intelectual do gañador/es:

A persoa gañadora do premio coñece e consente que o seu nome completo sexa publicado pola Entidade organizadora en todos aqueles perfís en redes sociais onde a Entidade teña unha conta.

Para o caso do sorteo, a cesión dos datos identificativos, así como tamén o número de teléfono de contacto, conleva implícito o consentimento por parte do participante de que a Entidade organizadora comunique publicamente o seu nome completo.

8. Prórrogas ou suspensións:

A Entidade organizadora, no caso de existir causas de forza maior alleas ao seu control, resérvase o dereito de efectuar calquera cambio, suspender, acurtar ou ampliar o período de duración da campaña, comprometéndose a dar ás devanditas modificacións o grao de publicidade que resulte necesario.

Polo tanto, a Entidade organizadora queda exonerada de calquera responsabilidade que puidese derivarse de calquera circunstancia imputable a terceiros que puidese afectar ao desenvolvemento da mecánica da campaña e, en especial ao Premio.

No mesmo sentido, a Entidade organizadora non será, en ningún caso, responsable de calquera dano, de calquera natureza, directo, indirecto e/ou circunstancial, xa sexa inmediato ou diferido, que puidese aparecer con ocasión ou como consecuencia de poder gozar do Premio.

9. Descualificacións e penalizacións:

Establécese a posibilidade de dar de baixa ou descualificar a usuarios que incumpran as regras da campaña ou de penalizar no caso de que a/o gañador/a do premio actúe de maneira fraudulenta.

10. Exoneración de responsabilidade do organizador en caso de incumprimento dos participantes:

Ante o uso que o/a premiada/o poida facer co premio recibido, a Entidade organizadora non se fará responsable no caso de que o/a gañador/a fixese un mal uso do premio ou incumprise co disposto nestas bases legais.



11. Protección de datos de carácter persoal:

O responsable do tratamento dos datos é a Asociación de Empresarios de Deza - Centro Comercial Aberto de Lalín, con CIF: G36187169, enderezo fiscal en R/ Otero Pedrayo, nº 24 – Baixo, en Lalín, número de teléfono: 986 787 091 e correo electrónico: asociacion@aedeza.com

Durante o rexistro no concurso a persoa participante deberá achegar datos persoais cuxa única finalidade é a de contactar e comunicarlle, chegado o caso, que foi gañador/a do premio sorteado.

Os datos facilitados conservaranse o tempo estritamente necesario para o cumprimento da finalidade ou finalidades concretas que motivaron a súa recollida, ata a perda de relevancia do seu uso ou, en todo caso, ata que sexan cancelados en resposta ao exercicio, por parte do titular, dos dereitos correspondentes.

A base legal para o tratamento dos datos é o consentimento obtido do interesado, mediante a cesión dos seus datos de contacto, para poder participar no sorteo do premio.

Os datos dos participantes comunicaranse en:

Asociación de Empresarios de Deza e Centro Comercial Aberto de Lalín.

Os datos da persoa premiada serán publicados en prensa, na edición comarcal e nas redes sociais de CCA de Lalín e/ou AEDEZA. Non se efectuará comunicación a outra entidade, salvo aquelas comunicacións que se producen por obriga ou necesidade legal. Non se producirán transferencias a terceiros países ou organizacións internacionais.


Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se AEDEZA - CCA de Lalín están a tratar datos persoais que lles afecten, ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron recollidos. En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente estes serán conservados para o exercicio ou a defensa de reclamacións. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. CCA de Lalín deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.

O interesado ten dereito a retirar o consentimento en calquera momento, sen que iso afecte á licitude do tratamento baseado no consentimento previo á súa retirada.

Para obter información adicional sobre os dereitos facilitamos enlace da páxina Web da Axencia Española de Protección de Datos (<https://www.agpd.es/>).

Para poder obter información adicional sobre a nosa política de privacidade, facilitamos enlace da páxina Web da Asociación de Empresarios de Deza (<http://www.aedeza.gal>).

O interesado, para exercer o seus dereitos, pode escribir un correo electrónico a asociacion@aedeza.com no que debe identificarse achegando copia do seu DNI e indicar o dereito que desexa exercer e o motivo.



12. Contacto e reclamacións:

A persoa gañadora poderá contactar coa Entidade organizadora a través do seguinte correo electrónico: asociacion@adeza.com, para calquera dúbida ou reclamación.

13. Aceptación da bases:

Os participantes da campaña aceptarán estas bases legais polo feito de participar na campaña.

14. Foro xurisdiccional e lei aplicable:

A lei aplicable será a española e o foro xurisdiccional, en caso de conflito, será a dos xulgados e tribunais da vila de Lalín.

15. Outras consideracións:

Calquera situación non prevista nas mesmas poderá ser resolta segundo o criterio da Asociación de Empresarios de Deza.